


UTÓPICAS

ARTE E TERRITORIO

CONVOCATORIA DE COLABORADORAS

Do 20 de abril ao 11 de maio calquera persoa interesada en participar no proceso de creación comunitaria de “Utópicas. Arte e Territorio” poderá candidatarase a través da **Convocatoria de Colaboradoras**, destinada a conformar as cinco comunidades de aprendizaxe e creación artística responsables de concretar, durante a fase de deseño, prototipado e creación, as **ideas xurdidas no marco da Convocatoria de Ideas**:



LIBROS QUE FAN BARRIO

Laboratorio de deseño e creación de minibibliotecas de rúa

Idea que busca articular espazos públicos de sociabilidade, repouso e comunidade na área do barrio de San Pedro.

1ª FASE / Deseño e prototipado.

Martes en horario de 18 a 21 h.

31 de maio 23 de agosto
28 de xuño 20 de setembro
19 de xullo

2ª FASE / Exposición e difusión.

En outubro e novembro acordaranse as datas cos cinco colectivos participantes.

CORPOS EN RESISTENCIA*

Laboratorio de reflexión e creación arredor da migración

Idea que busca visibilizar e reivindicar as identidades e vivencias das persoas migrantes e/ou racializadas da cidade desde os seus propios relatos e subxectividade.

1ª FASE / Deseño e prototipado.

Luns en horario de 10 a 13 h

30 de maio 22 de agosto
27 de xuño 19 de setembro
18 de xullo

2ª FASE / Exposición e difusión.

En outubro e novembro acordaranse as datas cos cinco colectivos participantes.

** Esta iniciativa está aberta exclusivamente á participación de persoas migrantes e/ou racializadas.*

RÚAS DA MEMORIA

Laboratorio de recuperación, transmisión e difusión da herxoria compostelá

Idea que busca resignificar as rúas e os espazos da cidade para reivindicar a memoria histórica de Compostela desde os feminismos.

1ª FASE / Deseño e prototipado.

Mércores en horario de 16.15 a 19.15 h.

1 de xuño 24 de agosto
29 de xuño 21 de setembro
20 de xullo

2ª FASE / Exposición e difusión.

En outubro e novembro acordaranse as datas cos cinco colectivos participantes.

PERCORRENDO A MEMORIA

Laboratorio de mapeado colaborativo
e recollida de saberes domésticos arredor
da biografía colectiva

Idea que busca poñer en valor a experiencia das mulleres maiores (+70 anos) e a súa participación nos cambios sociais e culturais do barrio de Concheiros - Fontiñas.

1ª FASE / Deseño e prototipado.

Xoves en horario de 18 a 21 h.

2 de xuño 25 de agosto

30 de xuño 22 de setembro

21 de xullo

2ª FASE / Exposición e difusión.

En outubro e novembro acordaranse as datas cos cinco colectivos participantes.

NA PROCURA DUN BOSQUE

Laboratorio para transformar o espazo urbano desde os coidados e o xogo libre

Idea que busca recuperar a cidade para a infancia, poñendo en valor os espazos verdes de Compostela e integrando a perspectiva lúdica e os coidados na análise do territorio.

1ª FASE / Deseño e prototipado.

Venres en horario de 16.30 a 19.30 h.

3 de xuño 26 de agosto

1 de xullo 23 de setembro

22 de xullo

2ª FASE / Exposición e difusión.

En outubro e novembro acordaranse as datas cos cinco colectivos participantes.




REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- 1 As persoas colaboradoras involucraranse activamente no desenvolvemento dun dos cinco proxectos seleccionados, converténdose en axentes fundamentais e activas de todo o proceso.
- 2 É obrigatorio seleccionar a idea concreta coa que se quere colaborar, ou priorizar o interese de participación en varias, se é o caso. Cada persoa colaboradora só poderá formar parte dun único equipo.
- 3 O número máximo de persoas colaboradoras por proxecto é de 10, configurándose unha lista de agarda para cubrir posibles baixas por causas de forza maior.
- 4 A convocatoria está aberta a participación de calquera persoa maior de idade, sen importar o seu ámbito de experiencia ou o seu grao de especialización. Non é preciso contar con coñecementos artísticos.
- 5 A selección das persoas colaboradoras procurará garantir unha diversidade e pluralidade representativas do contexto compostelano, de forma que os grupos conformados sexan o máis heteroxéneos posibles.
- 6 O prazo de recepción de candidaturas estará aberto do 20 de abril ao 11 de maio.

Máis información e inscricións en:
utopicas@7hcoop.gal

C
Compostela
Cultura
Artes visuais


AUDITORIO DE GALICIA


CONCELLO DE
SANTIAGO


CONSORCIO DE
SANTIAGO


7H
COOPERATIVA
CULTURAL